



**ACTA DA SESIÓN 7/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 26 DE XULLO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 8/2022 de data 05/09/2022**

**A Secretaria Accidental**

## **Orde do día**

- 1.- Acta da sesión anterior (27/06/2022). Aprobación.**
- 2.- Declaración do ano 2023, ano do Xestal. Aprobación (CIBPS de 19/07/2022).**
- 3.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900002935 de 12 de xullo, sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens AVRIL (CIBPS de 19/07/2022).**
- 4.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900002937 de 12 de xullo, en relación a transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre (CIBPS de 19/07/2022)**
- 5.- Seguimento de órganos de goberno:**
  - 5.1.- Resolucións da Alcaldía
  - 5.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
  - 5.3.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 7/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 26 DE XULLO DE 2022**

Na Casa Consistorial o vinte e seis de xullo de dous mil vinte e dous (26/07/2022) sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30 h.), reúnen-se os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D. Xosé Regueira Varela
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Coteló
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis María Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D<sup>a</sup> María Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enriquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario Xeral don Miguel Piñeiro Souto, que actúa como secretario e dá fe do acto.

### **1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (27/06/2022). APROBACIÓN.**

O Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros (21) acorda aprobar a acta da sesión do 27 de xuño de 2022, (PLENO 6/2022), que foi repartido coa convocatoria.

### **2.- DECLARACIÓN DO ANO 2023, ANO DO XESTAL. APROBACIÓN (CIBPS DE 19/07/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de benestar e participación social (CIBPS) do 19/07/2022 punto 2 da orde do día, relativo a proposta do Sr. Alcalde solicitando a declaración do ano 2023, como ano do Xestal.

Intervén o Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, para indicar que se van abster. Di que a primeira noticia que tiveron foi na comisión informativa ao non existir a xunta de voceiros. Matiza que o Sr. Xestal morriu na miseria, naquel momento habería que axudalo, non agora.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, pregunta qué tipo de xestión se fará para o traslado de restos, se se vai pedir autorización a familia... En todo caso votarán a favor.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que é unha decisión do grupo de goberno. Non se nos fixo ningún tipo de consulta previa. Imonos abster.

O Sr. Alcalde indica que a xustificación está detallada na exposición de motivos da proposta. El tivo moito que ver coa actividade cultural e musical de Carballo. Aires de Bergantiños é unha asociación que aínda perdura. Os méritos van máis alá do termo municipal de Carballo. Dáse a circunstancia pola data simbólica expresada na moción. O seu legado pervive anos despois en programas como LUAR; él foi o que por primeira vez cantou "APAGA O CANDIL"

Po routra banda sinala que outros axudámolo no que podemos cando podemos e que xa se fixo unha homenaxe na que se implicou carballeira.

Sinto que esta proposta non teña unanimidade da Corporación

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, pregunta polo cambio de nicho.

O Sr. Alcalde indica que el viviu aquí coa súa nai que faleceu hai anos, tiña irmán co que non tiña moita vinculación. Daquela prestáralle o nicho, cedusel, de xeito temporal, e debe ter un fin dado que el con Razo non tiña vinculación.

A concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, Sra. Lantes Seara, indica que xa foi para unha fosa común.

O Sr. Alcalde indica que é traballo da comisión no ano 2023.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, critica a condecoración que fixera o Ministro franquista no seu tempo...

Por último, o Sr. Alcalde comenta que foi un recoñecemento, foi así. El non era franquista.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos representantes dos grupos municipais do BNG, e PSdeG-PSOE, e seis (6) abstencións, dos representantes dos grupos municipais do TEGA e PP, o Pleno municipal acorda:

**Primeiro.-** A declaración do ano 2023 como "Ano do Xestal", coincidindo co 90º aniversario do seu nacemento e do 30º aniversario do seu pasamento.

**Segundo.-** A realización das xestións precisas para o traslado dos seus restos mortais dende o cemiterio parroquial de San Martiño de Razo, onde foi soterrado nun nicho cedido provisionalmente, hoxe en día carente de toda identificación, ao cemiterio municipal de Carballo, onde disporá dunha sepultura digna.

**Terceiro.-** A creación dunha comisión organizadora dos actos conmemorativos do "Ano do Xestal", presidida polo alcalde ou persoa en quen delegue e formada por persoal de distintas áreas municipais e representantes de entidades e/ou medios de comunicación aos que estivo ligado Carlos Díaz Gestal durante a súa estada no noso concello.

**Cuarto.**- O traslado deste acordo aos concellos nos que residiu ao longo da súa vida, así como á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña, para que se sumen, se así o consideran, á conmemoración do “Ano do Xestal”.

**3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, REXISTRO DE ENTRADA N.º 202299900002935 DE 12 DE XULLO, SOBRE A MODERNIZACIÓN FERROVIARIA E DOTACIÓN DE TRENS AVRIL (CIBPS DE 19/07/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de benestar e participación social (CIBPS) do 19/07/2022 punto 3 da orde do día, relativo a Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900002935 de 12 de xullo, sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens AVRIL.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, da lectura á moción.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, expón que todo o que sexa mellorar a viabilidade e usemos o transporte público é bo, pero non sabe se é imprescindible o tren AVRIL ou chega o que se hai, se é suficiente ter tres aeroportos ou chegaba con un; conclúe que cree que hai outras actuacións prioritarias.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, indica que tamén se van abster. Salienta que precisamos inversión, pero non podemos admitir certas afirmacións da moción porque o AVE chegou a Ourense e grazas ao goberno que está actualmente. O PP tivo maioría absoluta cun Presidente galego e non fixo que chegara. Da conta de outra serie de infraestruturas actuais e conclúe que é preciso unha reflexión do grupo popular, con unha maioría absoluta na Xunta.

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo, indica que o voto será favorable. Indica que que o ver que a moción era relativa ao ferrocarril iría polo ferrocarril das tres “c” Coruña-Carballo-Corcubiión ou ao polígono... En calquera caso é necesario a vía de alta velocidade.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece ao BNG o apoio e concorda coa necesidade da vía de ferrocarril das 3 “c” (Coruña-Carballo-Corcubiión). A TEGA só dicirle que xa é un compromiso adquirido, e á Sra Vila contestalle que quedou sorprendido polo seu argumentario:calquera goberno avanzou para que chegase o AVE, sí chegou con Sánchez, pero ten que cumprir os seus compromisos. Refírese ás infraestruturas que son competencia da Deputación da Coruña.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, indica que é mais interesante os trens das 3 “c” que o tren da alta velocidade.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, di que a estrada á Santiago é da Deputación pero demanda unha concexión a Santiago( que son de 44 KM cdigna, por exemplo unha vía rápida.

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo, indica que a carretera que vai a Santiago non é da Deputación; despois de Portomouro a que vai a Santiago é da Xunta. Con Diego Calvo fíxose unha aposta porque a asumise a Xunta e que anima a facela...A

Deputación da Coruña gasta moitos cartos na estrada pero a comunicación Carballo-Santiago é mellorable.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, indica que nesa demanda o PP de Carballo sempre estará a favor.

Sometido o asunto a votación, con dezaséis (16) votos a favor, dos representantes dos grupos municipais do BNG e PP, e cinco (5) abstencións, dos representantes dos grupos municipais de TEGA e PsdeG-PSOE, o Pleno municipal acorda:

**Primeiro.-** Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

**Segundo.-** Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, REXISTRO DE ENTRADA N.º 202299900002937 DE 12 DE XULLO, EN RELACIÓN A TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE (CIBPS DE 19/07/2022)**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de benestar e participación social (CIBPS) do 19/07/2022 punto 4 da orde do día, relativo a Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900002937 de 12 de xullo, en relación a transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, dá lectura o contido da moción.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, indica que votarán a favor, engade que, ao mellor, o Ministerio tamén poderá vir para Santiago.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, di que se van abster, non porque non crean na transferencia, senón polos ataques ao goberno do texto da moción que non compartimos.

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo, indica que van apoiar a moción. O Consello Consultivo ditaminou que xa tiñan todas as competencias de facto. En calquera caso anima a apurar, non vai ser que cheguen o goberno e se olviden de pedir a transferencia...

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece o apoio. Agarda que sexa canto antes.

Sometido o asunto a votación, con dezaioito (18) votos a favor, dos representantes dos grupos municipais do BNG, PP e TEGA, e tres (3) abstencións, dos representantes do grupo municipal do PsdeG-PSOE, o Pleno municipal acorda:

O Pleno do Concello de Carballo insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre.

## **5.- SEGUIMIENTO DE ÓRGANOS DE GOBERNO:**

### **5.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

5.1.1.- Dáse conta expresamente da seguinte resolución da alcaldía:

\* Decreto 2124/2022 do 15 de xullo

#### **RESOLUCIÓN**

#### **Delegación de función da alcaldía dende o día 27 de xullo ao 7 de agosto, ambos incluídos**

Teño previsto ausentarme do termo municipal dende o día 27 de xullo ao día 7 de agosto, ambos incluídos.

Foron vistos o artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a resolución desta alcaldía núm. 1658/2019 de 17 de xuño (BOP nº 117 de 21/06/2019, núm. de anuncio 2019/4889)

Á vista do anterior, e en uso das competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como substituta nas funcións da Alcaldía á segunda Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, dona Milagros Lantes Seara, dende o día 27 de xullo ao día 7 de agosto 2022, ambos incluídos.

**Segundo.-** De acordo co art. 13.4 da Lei 39/2015 (LRXSP) “*Nas resolucións e actos que se dicten mediante suplencia, farase constar esta circunstancia e se especificará o titular do órgano en cuia suplencia se adoptan e quen efectivamente está exercendo esta suplencia*”.

**Terceiro.-** Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución á concelleira delegada.

Dar traslado ós servizos municipais para os efectos oportunos.

Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar consonte ao previsto na normativa vixente.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

5.1.2.- O Pleno municipal queda enterado das resolucións da alcaldía ditadas entre o día 22/06/2022 n.º 1934 e o día 20/07/2022 n.º 2201.

### **5.2.- ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O Pleno municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
14/2022	Ordinaria	04/07/2022
15/2022	Ordinaria	18/07/2022

### 5.3.- ROGOS E PREGUNTAS

#### 5.3.1.- Dáse conta das preguntas presentadas con rexistro de entrada n.º 202290000004658 de 26 de xullo polo grupo municipal do PSOE

Varios veciños trasládannos queixas sobre a tala do sauce chorón ou choupo no xardín do atrio da capela da Milagrosa.

En varias ocasións xa se talaron outras árbores alegando que estaban enfermos.

Aínda que a titularidade é parroquial e prevese una mellora en dito xardín

As nosas preguntas son:

- Que é o que está a ocorrer para que isto suceda con relativa frecuencia?  
Contesta o Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de obras e servizos que as árbores taladas por decisión municipal contaron sempre con asesoría e maioritariamente foi porque estaban enfermas
- Ten o concello alguna responsabilidade neste feito?  
Contesta o Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de obras e servizos que ningunha, o espazo é propiedade da Igrexa
- Paga o Concello de Carballo estas melloras e a tala do choupo?  
Contesta o Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de obras e servizos que non.

#### 5.3.2.- Dáse conta das preguntas presentadas con rexistro de entrada n.º 202299900003123 de 26 de xullo polo grupo municipal do TEGA

##### Carrís ciclando Avda. de Razo

Invertiuse nos carrís peonís/ciclistas máis de 2 millóns de € e sendo a auga un ben escaso e máis neste momento...non había outro sistema de rego mellor para as zonas verdes que non despilfarrara tanta auga e non regara a senda e a estrada?

Contesta o Sr. Lamas Álvarez, concelleiro de Obras e Servizos que é dos aspersores

##### Bandeira Azul e falta de socorristas para a vixilancia das praias

Razo leva xa bastantes anos sen bandeira azul e este ano so dispón de 24 socorristas para vixiar a costa carballesa.

O motivo principal de falta de efectivos para traballar este ano nas praias de Carballo son as condicións laborais, **por que non se equipara o soldo dos socorristas das piscinas municipais aos das praias? Cre que traballan menos os socorristas das praias cos das piscinas?**

**Cantas zonas de baño están habilitadas e vixiadas este ano en Razo e Baldaio?**

**Cando o Sr Alcalde lle vai dar a importancia que merece a Seguridade no litoral? vai esperar a que ocorra algo que ninguén queremos?**

Contesta o Sr. Vales Mallo, concelleiro de Medio Ambiente e Praias, e fai dúas correccións, Razo ten bandeira azul e en segundo lugar non é certo o que se di, e un mal común en todos os concellos: os requisitos formativos, o coste do mesmo e a temporalidade do traballo. Os das piscinas fan traballo tamén de monitor de aí a diferenza. Este ano as zonas



de baño son seis, as máis concurridas. Todos os anos se invisten recursos para que teñen Bandeira Azul

**Falta de efectivos policiais, horas extraordinarias e renuncias de auxiliares** Seguimos recibindo queixas que se ven poucos policías polas rúas, dinnos que só están polo centro e que tardan moito en acudir a onde son chamados, **cantas baixas hai a día de hoxe na Policía Local? e de vacacións?**

O pasado 20 de xuño, decreto 1909, aprobouse a quinta transferencia de crédito, neste caso de 23.000 € para aumentar a partida de gratificacións policía local, unha partida que nos xa augurabamos escasa cando se aprobaron os orzamentos no mes de xaneiro, **non hai outra solución mellor que pagar horas extras aos policías? vai seguir “castigado” o policía que está prestando servizos no antigo ambulatorio por moita autonomía que teña o Sr. Alcalde para poñer o policía case onde queira?**

**A que pensa o Sr. Alcalde que se debe tanta renuncia de auxiliar de policía e todo o que iso conleva?**

**Que valoración segue facendo o Sr. Alcalde do Xefe Accidental da Policía?**

Contesta o Sr. Seoane Collazo, concelleiro de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, que a policía non solo está no centro. Hai nove policías de baixa e 4 de vacacións. Non hai ningún policía “castigado”, el pediu adaptación e está cubrindo a baixa do compañeiro, é un posto de traballo que se adapta as eivas de saúde que ten.

Solución, Pois non prestar o servizo propón vostede? Pero se o cidadán ten problemas o que quere e chamar á policía.

En canto aos auxiliares ven dado polo sistema da academia á hora de nomear efectivos. Se a academia ten solicitudes de outro concello, igual prefiren 6 meses noutro concello que un mes aquí.

A valoración é boa, igual que no resto do mandato.

#### **Rexenera Fest**

O decreto 1689/2022 do 2 de xuño da resolución da aprobación do programa e orzamento do Festival Rexenera Fest 2022 (oitava edición) O gasto para as 5 obras ascende a 41.490,78 € (ive incluído)

O decreto 1790/2022 do 9 de xuño da resolución do contrato menor do servizo de dirección e produción do festival por un importe de 18.029,00 € (ive incluído) cunhas accións concretas, entre outras de coordinación lóxística e máquinas elevadoras, coordinación de balizamento de espazos seleccionados, asistencia de artistas, supervisión de necesidades do material, xestión da web...

O decreto 1792/2022 do 9 de xuño da resolución do contrato menor da subministración de aluguer de máquinas elevadoras por un importe de 8.155,40 €.

**Hai algún decreto máis ou o importe do VIII Rexenera fest foi de 67.675,18 €? Non cre o Sr Alcalde que hai conceptos que se pagan máis dunha vez?**

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo entende que obedece a unha lectura parcial do contrato. Cando se celebre o festival non todos os artistas teñen o carnet e todo iso o fai a empresa.

Rexímonos polo principio de legalidade. O obxecto do contrato: ten dous obxectos distintos. Cúmplese a raxatable e para nada se paga dúas veces.

#### **PREGUNTAS FORMULADAS “EN VOCE”**

1.-A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, pregunta polo sauce chorón que está na capela da Milagrosa, se se vai talar ou cortar.

Contesta o Sr. Lamas Álvarez que non é un choupo, hai catro ou cinco anos un ciprés si tiña perigo e procedeuse a súa tala. Agora hai un proxecto da Igrexa e levado a patrimonio. O concello non se fai cargo ningún, é a Igrexa

2.- O Sr. Eirís Barca, di que se crecemos en habitantes no verán podemos ter problemas de abastecemento se non chove

O Sr. Alcalde contesta que Carballo ten o dobre de captación cos ríos. Anllóns e Bardoso e funciona perfecto, o abastecemento está garantido e non hai ningún risco de medidas, outra cousa é que recoller as recomendacións de Augas de Galicia por responsabilidade. A seguridade é ter dobre captación.

3.-O Sr. Barca pregunta qué fixo a actuación

A Sra. Lantes Seara contesta que houbo esta cesión a outra empresa.

4.-O Sr. Eirís Barca pregunta pola Mesa local de comercio

O Sr. Seoane Collazo contesta que están funcionando ben as zonas de carga e descarga, cre que todas as solicitudes que chegaron foron atendidas.

**E non habendo máis asuntos que tratar sendo as 21:20 horas a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretario dou fe.**